



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: CONVOCATORIA DA SESIÓN Ordinaria DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

José Ramón García Vázquez, alcalde do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo martes 26 de xuño de 2018 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.
2. Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.
3. Aprobación inicial da ordenanza reguladora da inspección técnica de edificios no Concello de Betanzos
4. Moción de BN sobre demandas ao novo goberno do Estado Español.
5. Moción de BN de solidariedade cos refuxiados.
6. Moción do BNG sobre a creación dun centro de día no antigo ambulatorio.
7. Moción do BNG sobre ordenación do tráfico rodado no casco histórico.
8. Moción del PP para que o Concello de Betanzos elabore un plan integral de infancia adaptado aos últimos informes da CDN
9. Declaración institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI
10. Rogos e preguntas

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O alcalde

José Ramón García Vázquez

O Secretario (Asinado aos efectos do artigo 2 do Real decreto 1174/1987)

Rafael del Barrio Berbel